



← Pola esquerda, Fernández Naval, Ana Romaní e Antía Otero, que son os finalistas na modalidade de poesía dos premios da AELG

GALARDÓNS A Cea das Letras dará a coñecer mañá as obras gañadoras dos premios da AELG, nos que son finalistas, en poesía, Fernández Naval, Ana Romaní e Antía Otero

Os mellores do 2010

Na modalidade de novela, poden ser Araguas, Zúñiga, Rivas, Aleixandre, Lopo ou Calveiro

Redacción · Santiago

As obras gañadoras dos premios da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, escollidas polos máis de 400 socios e socias deste colectivo, xunto con Gálix e membros do Colexio de Xornalistas, daránse a coñecer mañá na Cea das Letras, no hotel Porta do Camiño de Santiago de Compostela.

As obras finalistas son, na modalidade de blog literario, *Ferradura en tránsito* de Xosé Manuel Eyré; *O levantador de minas* de Alfredo Ferrero e *Trafegando ronseis*, de Gracia Santorum e Xosé Anxo Fernández Alonso. En ensaio, *A man que caligrafando pensa: do plástico-escri-*

tural e da manuscrita novoneyriana, de Carlos Paulo Martínez Pereiro; *Elucidacións na sombra. Análise e interpretación de dúas pezas de Carvalho Calero*, de Manuel Castelao e *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, de María Pilar García Negro.

En literatura infanto-xuvenil (AELG-Gálix), os finalistas son *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto & Chinto; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro, *O segredo de Marco Polo*, de Francisco Castro e *Nota Roja*, de Francisco X. Fernández Naval.

O premio á mellor traxectoria en xornalismo cultural 2010 (AELG-Colexio de Xornalistas), corresponderá a Anxo Tarrío, Daniel Salgado, Fran P. Lorenzo, Iago Martínez ou Ramón Nicolás.

En narrativa, *O coitelo en novembro*, de Marilar Aleixandre; *Obediencia*, de Antón Lopo; *Periferia*, de Iolanda Zúñiga; *Settecento*, de Marcos Calveiro, *Todo é silencio*,



INSTITUCIÓN

Un "proxecto de país"

O premio para a Institución será para a Fundación Penzol, por ser "un proxecto de país, creado para permanecer e dar ás novas xeracións o noso legado cultural,

e que chanta as súas raíces na necesidade de crear unha biblioteca e un centro de documentación e de estudos da nosa lingua e da nosa literatura".

de Manuel Rivas e *Xuvia-Neda*, de Vicente Araguas, son os finalistas.

En poesía, compiten *Bater de sombras*, de Francisco X. Fernández Naval; *Estremas*, de Ana Romaní, e *Retro(visor)*, de Antía Otero, mentres que en teatro son *Canibalismo*, de Marcos Abalde Covelo; *Cínicas*, de Teresa Moure e *Flores de Dunsiname*, de Manuel Lourenzo.

Na modalidade de tradución, os finalistas son *Bilbao-New York-Bilbao* (Kirmen Uribe), na versión de Isaac Xubín; *Lóbrego Romance. Pálida Pantasma. As Lendas Espectrais de Malvadia* (Jack Mircala), por Isabel Soto e *Randa do alento* (Herta Müller), de Marga do Val.

Alén destas categorías, os Premios AELG constan doutros dous galardóns. O de Escritor Galego Universal, outorgado pola Asemblea da asociación ao escritor Antonio Gamoneda, galardón que o distingue como autor que combina a excelencia literaria co compromiso ético. ●